

AFORRO E SISTEMA FINANCEIRO

XAIME ISLA COUTO* / FRANCISCO XAVIER MARTÍNEZ COBAS**

JAVIER ROJO SÁNCHEZ***

*Instituto Galego de Estudos Comunitarios

**Departamento de Economía Financeira e Contabilidade

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Universidade de Vigo

***Departamento de Economía Aplicada

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 20 outubro 2000

Aceptado: 24 outubro 2000

Resumo: O traballo presenta o aforro galego e o uso que fai deste o sistema financeiro. Logo dun repaso polo pasado e polos cambios producidos ata a situación actual, coméntanse as variables que afectarán á súa evolución.

Palabras clave: Aforro / Sistema financeiro / Banca / Economía de Galicia.

SAVING AND FINANCIAL SYSTEMS

Summary: This paper presents Galician saving and its utilization by the economic system. After a review through the past and the changes that have taken place, the variables, which will affect its evolution, are discussed.

Keywords: Saving / Financial system / Banking / Galician economy.

1. AFORRO E SISTEMA FINANCEIRO: O MODELO TRADICIONAL

A estrutura económica de Galicia coñeceu unha fonda transformación dende os anos sesenta. A política económica aperturista posterior ó Plan de Estabilización e a incorporación do Estado á onda de crecemento económico que se producira en Europa occidental dende a posguerra mundial provocaron unha nova etapa da economía galega. Entre as características salientamos un forte desenvolvemento económico, unha elevada emigración a Europa e un traslado acelerado do mundo rural ó mundo urbano.

Este desprazamento rural-urbano da poboación é paralelo á transformación da estrutura productiva galega. A agricultura, a gandería e a pesca de baixura, dominantes ata daquela, van perdendo peso a favor da industria e dos servizos, como recollen os sucesivos informes de economía galega realizados polo IDEGA (1988 e ss.). As características da man de obra, os recursos naturais, os custos dos factores de produción e unha relativa dispoñibilidade de mercados favoreceron este cambio estrutural económico.

A realidade económica e social de Galicia variou, pois, de modo considerable entre os anos sesenta e os noventa. É posible, por iso, que as análises económicas que describiron aquela realidade deban ser cambiadas ou adaptadas ós nosos días. Por outra parte, o coñecemento científico da economía tamén variou de modo substancial. O mesmo pode dicirse das ferramentas das que se dispón (econometría, informática...).

O que podemos definir como “modelo tradicional” da economía galega podémolo atopar descrito nos traballos da *Revista de Economía de Galicia* (REG). Esta publicación supuxo o lugar de difusión de estudos de economía de Galicia durante os anos sesenta. O espírito dado á REG formaba parte do compromiso colectivo da denominada *Xeración Galaxia* con Galicia. A liña editorial e mailos artigos son de carácter descritivo e aplicado, estudiando a realidade inmediata e procurando a súa transformación.

O estudio do aforro e do sistema financeiro ocuparon un lugar central nos traballos de economía galega¹. Non nos debe estrañar isto, dado que moitos economistas vían no aforro e no emprego que del facían as entidades de crédito unha ferramenta básica para o desenvolvemento económico de Galicia. A inserción destes no modelo tradicional de economía galega reunía as seguintes características:

- En Galicia xérase unha cantidade elevada de aforro, tanto interna como externa, especialmente a través das remesas dos emigrantes.
- Boa parte deses recursos non se invisten en Galicia senón nas zonas con maior dinamismo económico de España, reforzando o centralismo económico do Estado.
- O sistema financeiro é protagonista nese proceso máis interesado no seu conxunto pola captación de pasivos en Galicia ca polo reinvestimento local do aforro captado.
- A lexislación da actividade financeira favoreceu a constitución dun oligopolio bancario escasamente eficiente e alleo ós intereses de Galicia.
- As caixas de aforros non puideron substituír a banca privada nesa responsabilidade, xa que os seus recursos foron dirixidos por criterios de política industrial sen consideraren as desigualdades territoriais que esta xeraba.

Para sintetizarmos todo isto escribiamos o seguinte (Isla, 1969, p. 142): “...a situación presente [...] pódese resumir ben lapidariamente nunha expresión acuñada na veciña Francia hai dous anos, servindo de lema aos coloquios socialistas iniciados en Grenoble e seguidos nas demáis capitais rexionais do país: a *colonización financeira da provincia*”.

¹ No traballo de Castañón, M. Cobas e Rojo (1995) recóllense con maior detalle aspectos dalgunhas obras aquí citadas.

Este diagnóstico coincidía, en boa parte, co ofrecido por autores moi anteriores no tempo, como Díaz de Rábago ou Peña Novo, pero entre os anos sesenta e setenta unha ampla literatura económica estudou e confirmou estas hipóteses. Cítemos, entre outros, a Paz Andrade (1959, 1970, 1971), Beiras (1972), Barral Andrade (1972), López Suevos (1976) e López Facal (1977).

Nesta última obra, López Facal chega á conclusión de que coexisten na relación entrambos os territorios dous fenómenos contrapostos: a absorción neta de recursos por parte de Galicia a través do sector público e a cesión neta de recursos a través do sector privado. O saldo neto de ambas, medido a través de diferentes criterios, sería de expulsión de recursos pola economía galega.

No ano 1980, dúas teses de doutoramento da Facultade de Económicas de Santiago centran o seu interese no aforro e no sistema financeiro. A de Javier Rojo Sánchez volve realizar unha estimación dos recursos cedidos pola economía galega e, pola súa parte, a tese de Irene Pisón Fernández céntrase na interrelación entre o sistema financeiro e o financiamento das empresas en Galicia. Neste traballoponse de manifesto a necesidade dunha reforma substancial do sistema financeiro para dotalo dun maior nivel de competitividade e eficiencia na asignación de recursos. Tamén se reconece a existencia de restricción de crédito derivada da política monetaria de finais dos anos setenta.

Non podemos deixar de apreciar o sentido circular da explicación dada. A escasa industrialización provoca o éxodo de capitais a través do sistema financeiro pero este, se non practica unha política investidora en Galicia, perpetúa a situación. Estamos, polo tanto, ante o círculo vicioso descrito polo Fondo Monetario Internacional (1995). Dende outra perspectiva, a emigración da man de obra (factor traballo) xeraba un aforro que tamén emigraba (factor capital). Estas dúas emigracións, xunto coa da enerxía eléctrica e a das elites do país, formaban as que definiamos como “as catro emigracións” (Isla, 1968), que tollían o desenvolvemento.

En resumo, deuse unha práctica unanimidade na opinión e na evidencia empírica sobre a situación. Mesmo despois do ano 1980, outros autores subscribiron estas afirmacións total ou parcialmente. É o caso de Otero Díaz (1972, 1984), de Rodríguez Sánchez (1992, 1994), de Erias Rey (1993) ou de Santos Castroviejo (1994).

2. AS TRANSFORMACIÓNS DA ETAPA ACTUAL

O alto grao de consenso do modelo tradicional do aforro crebou, sen embargo, durante os anos noventa. A clave foi a aparición de estimacións das principais variables económicas por Comunidades Autónomas. Neste sentido, aínda que as realizadas polo *Instituto Galego de Estatística* (1994, 1995, 1996) manteñen un lixeiro exceso de aforro sobre o investimento en Galicia, as realizadas por Alcaide (1996), a partir do Servicio de Estudios do BBV, dan o resultado contrario.

Segundo este autor, o volume de aforro xerado en Galicia no ano 1991 é claramente inferior á formación bruta de capital dese mesmo ano, o que sería indicativo de que a economía galega depende máis da estatal e ca á inversa, dependencia materializada contablemente na *necesidade de financiamento*. Dito doutro xeito, as Comunidades Autónomas “ricas” estarían financiando dentro do Estado as Comunidades Autónomas “pobres”, entre as que se incluíría Galicia.

Pola contra, o Instituto Galego de Estatística estima un volume de aforro superior ó estimado polo BBV e superior tamén á estimación que realizan da formación bruta de capital. Este superávit, materializado contablemente na *capacidade de financiamento* de Galicia, sería acorde cunha visión menos dependente da economía galega respecto da española e, polo tanto, menos subdesenvolvida en relación con esta (Fernández Leiceaga, 1998).

Tamén Sequeiros Tizón (1990) é da opinión do Servicio de Estudios do BBV. Para este autor as taxas de crecemento do PIB galego non son compatibles cunha cesión de recursos senón máis ben ó contrario.

No noso entender tres son os elementos que levan a conclusións tan dispares entrambos os dous conxuntos de traballos.

En primeiro lugar, as diferentes metodoloxías de estimación utilizadas.

En segundo lugar, os traballos da opinión maioritaria baseáronse polo xeral no aforro financeiro ou na información de créditos e de depósitos das entidades financeiras exclusivamente, mentres que na década dos noventa se basearon a maior parte no aforro económico, entendendo por tal a diferenza entre a renda dispoñible e o consumo en Galicia.

En terceiro lugar, e consideramos que o máis importante, a economía galega evolucionou, de modo que o que podía ser certo antes pode non selo hoxe ou non selo coa mesma intensidade. Entre os cambios máis significativos estaría a reforma do Estado, coa aparición das institucións autonómicas, a progresiva liberalización da economía, a pertenza á Unión Europea, a continuidade no proceso de urbanización do país, o avance dos niveis de renda, de educación e de prestacións públicas, etcétera².

Para entendermos a situación actual do aforro e do sistema financeiro presentamos como hipóteses os mesmos puntos que sintetizaran o seu papel no modelo tradicional.

◆ Hipótese 1: en Galicia xérase unha cantidade elevada de aforro, tanto interna como externa, especialmente a través das remesas dos emigrantes.

A idea de que os galegos son individuos cunha elevada propensión ó aforro ten unha fundamentación variada.

² En González Laxe (1992) e Fernández Leiceaga e López Iglesias (2000) pódese atopar unha visión global da estrutura económica galega.

A importancia do aforro emigrante, tanto en termos absolutos (Rodríguez Sánchez, 1992) como relativos (Oporto del Olmo, 1992). Neste último traballo o autor elaboraba un índice de aforro dos emigrantes españois no que a maior propensión foi a dos galegos.

A baixa ratio créditos/depósitos no sistema bancario galego (Castañón *et al.*, 1995).

A variabilidade dos ingresos do sector agrario, maior cá dos asalariados, favorece o aforro precaución como resultado da incerteza nas rendas futuras.

A especificidade cultural, antropolóxica e de estrutura económica de Galicia. Neste sentido, detrás de cada individuo que aforra temos un home ou muller que son ou descenden na meirande parte de pequenos propietarios agrarios, propensos a capitalizarse para manter a súa independencia económica e a autoabastecerse de capital antes de acudir ó crédito bancario (un autoconsumo máis, coma o do viño, o da carne ou o da madeira).

Todo o anterior, sen deixar de ser real, hoxe non ten a representatividade que tivo sobre o total da poboación galega. Por unha banda, a información facilitada polas entidades financeiras amosa a caída do aforro emigrante galego, como resultado da diminución da emigración e tamén das crises económico-financeiras de países de forte presenza galega (México, Venezuela, Brasil...). Por outra banda, a urbanización de Galicia e a redución do peso do sector agrario tenden a minguar o peso deste. Finalmente, o cambio de parámetros culturais é moi forte, introducindo pautas sociais novas de consumo (por exemplo, o turismo).

Para coñecermos en qué medida os argumentos que xustifican a hipótese nº 1 teñen validez, acudimos a un traballo recente (Martínez Cobas, 2000). Neste realizamos unha estimación da renda familiar dispoñible e do aforro para todas as comarcas e concellos galegos para o ano 1991. Na gráfica 1, que é un resumo, cada punto é un concello. As abscisas representan a renda familiar dispoñible *per cápita* no ano 1991 e as ordenadas a taxa de aforro do mesmo ano.

O máis sorprendente, a primeira vista, é que o conxunto dos concellos (a nube de puntos) indica unha relación decrecente entre renda e taxa de aforro, xusto á inversa do que se podería esperar pola hipótese tradicional keynesiana de que aforran maior proporción de renda aqueles que a teñen máis elevada. En Galicia son os concellos con maior renda os que teñen unha menor taxa de aforro e viceversa.


A explicación está nas características diferenciais de cada concello. As maiores taxas de aforro apareceron en lugares coma Beariz, Avión e Pontecaldelas. Estes concellos tiveron unha forte emigración, especialmente a México e en menor medida a Brasil. A axuda que as redes de emigrantes lles dan ós seus cando chegan (traballo, información, etcétera) deu lugar a unha comunidade especialmente exitosa en sentido económico. Isto explica por qué Beariz, con 1883 habitantes, ten sucursais de oito entidades financeiras e Avión, con 3549 habitantes, ten sucursais de sete entidades.

Pola contra, os concellos con baixa taxa de aforro e elevada renda son as cidades e as áreas periurbanas (no de Oleiros estimouse a maior renda familiar dispoñible *per cápita* de Galicia).

Afondando nas diferencias, os concellos de elevada taxa de aforro correspóndense con baixo nivel de estudos, predominio do sector agrario, baixa concentración da poboación e baixos niveis de renda. Lugares, daquela, de elevada emigración. Os concellos de baixas taxas de aforro teñen maior nivel de estudos, predominio da industria e dos servicios, elevados niveis de renda e de concentración da poboación.

Con todo o anterior, debemos responder a primeira hipótese cun acordo só parcial. Estas áreas rurais de baixa renda e de elevado aforro e emigración son as que xustifican a especificidade galega no comportamento aforrador. Dado que son as áreas urbanas as que teñen cada vez un maior peso na estrutura demográfica, a importancia do modelo tradicional pasa a ser cada vez máis cativa.

Gráfica 1.- Relación entre renda familiar dispoñible e taxa de aforro



FONTE: Martínez Cobas (2000).

◆ Hipótese 2: boa parte deses recursos non se invisten en Galicia senón nas zonas con maior dinamismo económico de España, reforzando o centralismo económico do Estado.

Como dixemos anteriormente, as estimacións sobre a capacidade ou necesidade de financiamento de Galicia dan resultados diferentes. Non podemos determinar se o aforro económico (definido como a parte da renda non consumida) é maior ou menor có investimento ou formación bruta de capital. Con todo, o que si podemos estimar é se a acumulación de aforro financeiro (entendida como stock de aforro canalizado polo sistema financeiro) abonda para financiar a demanda de crédito bancario (indicador de investimento), ou ben precisamos de aforro financeiro exterior para financeiro.

O índice de adecuación (ratio créditos/depósitos) ten mellorado nos anos noventa verbo de épocas anteriores, como amosa a táboa 1, mais segue a ser baixo e inferior á media estatal (Fernández Leiceaga e López Iglesias, 2000).

Táboa 1.- Créditos e depósitos no sistema bancario galego (en miles de millóns de pesetas)

ANO	CRÉDITOS	DEPÓSITOS	DIFERENCIA	ÍNDICE DE ADECUACIÓN
84	593	1.137	544	52,15%
85	658	1.225	567	53,71%
86	716	1.405	689	50,96%
87	804	1.544	740	52,07%
88	972	1.721	749	56,48%
89	1.124	1.900	776	59,16%
90	1.296	2.158	862	60,06%
91	1.548	2.348	800	65,93%
92	1.699	2.508	809	67,74%
93	1.695	2.716	1.021	62,41%
94	1.985	2.894	909	68,59%
95	2.125	3.179	1.054	66,84%
96	2.233	3.315	1.082	67,36%
97	2.429	3.391	962	71,63%
98	2.792	3.538	746	78,91%

FONTE: *Boletín Estadístico del Banco de España*, (varios anos).

Esta evolución cara a un maior equilibrio financeiro é tan só parcial, xa que a evolución do índice se debe en boa medida ó proceso de desintermediación financeira e, sobre todo, ós fondos de investimento. Estes son produtos substitutivos dos depósitos e a medida que aumenta a colocación en fondos de investimento redúcese o volume colocado en depósitos. Empregando unha estimación de fondos de investimento canalizados polas entidades financeiras en Galicia, e sumados estes ós depósitos, temos o resultado da táboa 2.

Táboa 2.- Índice de estimación corrixido

ANO	CRÉDITOS	DEPÓSITOS + FONDOS	DIFERENCIA	ÍNDICE DE ADECUACIÓN*
97	2.429	4.061	1.632	59,81%
98	2.792	4.192	1.400	66,60%


* Créditos / (Depósitos + Fondos de investimento).

FONTE: Martínez Cobas (2000).

A desagregación a escala provincial da relación créditos/depósitos fornece información que avala o comentado na primeira hipótese para o aforro económico. A gráfica 2 amósanos cómo o desequilibrio se produce nas provincias máis rurais, namentres que Pontevedra, a máis urbana e industrial, ten un índice similar á media estatal.

En resumo, e respondendo a segunda hipótese, non sabemos se o aforro económico supera ou non o investimento galego, mais segue a ser certo que o sistema financeiro capta un volume de aforro financeiro que supera a demanda solvente de crédito, reinvestindo no exterior parte dese aforro.

Gráfica 2.- Índices de adecuación (1992-1998)



FONTE: Martínez Cobas (2000).

◆ Hipótese 3: o sistema financeiro é protagonista nese proceso, máis interesado no seu conxunto pola captación de pasivos en Galicia ca polo reinvestimento local do aforro captado.

O sistema financeiro é a canle pola que ese «exceso de aforro financeiro» é colocado no exterior. Agora ben, fai falla preguntarse, en primeiro lugar, se é hoxe en día responsable da situación. En segundo lugar, se o seu comportamento limita a concesión de crédito en Galicia, e daquela limita o investimento. Por último, qué pode facer o sistema financeiro para facilitar o desenvolvemento económico galego.

Para a primeira das preguntas entendemos que a resposta é negativa. Quérese dicir con isto que a causa de que o aforro financeiro non se reinvesta totalmente no país está na súa estrutura económica e nas pautas de comportamento ligadas a es-

ta, xa comentadas anteriormente. A ruralidade, a falla de alternativas e a emigración son os principais factores determinantes. Co remate do oligopolio bancario español (que trataremos na seguinte hipótese), cunha lexislación negativa para os intereses galegos e coa liberalización dos mercados de capitais a escala mundial, entendemos que o protagonismo do sistema financeiro no proceso é baixo.

Para a segunda das preguntas é preciso estudar se a demanda solvente de crédito é atendida polas entidades financeiras. Noutras palabras, precisamos estudar a posibilidade dun racionamento de crédito. En Martínez Cobas (1998) realizamos este traballo estudando o papel das Sociedades de Garantía Recíproca e chegamos á conclusión de que a demanda era razoablemente atendida. Os problemas tan só aparecen nas épocas de política monetaria restrictiva.

Para facilitar o desenvolvemento económico, o sistema bancario (e moi especialmente as caixas de aforros) debe manter políticas de crédito dirixidas ás Pemes, ou apostar polo apoio a proxectos empresariais estratéxicos por medio do investimento directo como accionistas. En calquera caso, a mellor garantía dun nivel de crédito axeitado é o mantemento da competencia entre entidades financeiras.

En conclusión, a resposta á terceira hipótese é negativa. O sistema financeiro é un medio mais non unha causa da colocación do aforro financeiro no exterior.

◆ Hipótese 4: a lexislación da actividade financeira favoreceu a constitución dun oligopolio bancario escasamente eficiente e alleo ós intereses de Galicia. As caixas de aforros non puideron substituír a banca privada nesa responsabilidade, xa que os seus recursos foron dirixidos por criterios de política industrial sen consideraren as desigualdades territoriais que esta xeraba.

Se a hipótese nº 4 definía a regulamentación do sistema financeiro nos anos setenta, a situación actual é ben diferente. Concretamente, a especialización forzada pola Lei de bases do crédito e a banca de 1962 e maila tradición intervencionista e reguladora da actividade bancaria deron lugar, a partir da Reforma do 1974, a un proceso de liberalización similar ou superior ó acontecido no conxunto da actividade económica. En palabras de Maroto, (1995, p. 39): “...a pesar de la fuerte reglamentación que ha pesado sobre el sistema financiero, se fueron introduciendo en él dosis de eficiencia por la vía de la liberalización del marco de actuación de las entidades y de sus posibilidades operativas, la liberalización reglada de la entrada de la banca extranjera, la reducción programada de coeficientes obligatorios y el fomento en la transparencia de las operaciones”.

Se a presión sobre a actividade era elevada para todas as entidades, nas caixas de aforros facíase especialmente rixida. Salientamos a prohibición de apertura de oficinas fóra do territorio “orixinal” das entidades, así como as limitacións ás operacións coas empresas.

A situación actual non impón límites para a apertura de sucursais, nin tampouco diferencias entre bancos, caixas ou cooperativas pertencentes a calquera Estado membro da Unión Europea. Tan só, e para terceiros países, rexe o principio de re-

ciprocidade, de xeito que poden impoñerse limitacións á presenza de entidades destes países se as europeas están limitadas neles.


Anos despois da reforma do sistema financeiro, Grandío Dopico (1992) xa recoñecía os seus efectos beneficiosos sobre o financiamento da estrutura empresarial galega.

Se con todo o anterior queda demostrado que a lexislación que favoreceu o oligopolio bancario español está desmontada, cómpre estudar en qué medida isto se materializou en Galicia. Para iso vemos, en primeiro lugar, a evolución do número de oficinas e, en segundo lugar, a evolución no número e procedencia das entidades bancarias.

A información do número de oficinas anterior ó ano 1977 provén dos datos ofrecidos na obra de Barral (1975). A información posterior a 1976 provén do *Boletín Estadístico del Banco de España*.

Estimamos por interpolación lineal os anos intermedios entre os ofrecidos por Barral e a serie do *Boletín Estadístico*, seguindo a metodoloxía exposta por Fernández-Jardón e Caneda (1996). Presentamos a súa evolución na gráfica 3.

Gráfica 3.- Oficinas bancarias en Galicia (1967-1996)



FONTE: Elaboración propia a partir de Barral (1975) e *Boletín Estadístico del Banco de España* (1978-1996).

Podemos apreciar na gráfica o proceso de expansión das entidades financeiras sobre o territorio galego. É de salientar o aumento producido a mediados dos anos setenta, consecuencia da liberalización na apertura de sucursais.

Para estudiamos mellor o efecto sobre a competencia analizamos a distribución da rede de oficinas, clasificando estas en caixas de aforro galegas, caixas de aforro estatais, banca galega, banca estatal non galega, banca non española e cooperativas de crédito.

O primeiro dos seis grupos (caixas de aforro galegas) presenta a maior cobertura de todos eles –891 sucursais–, distribuídas entre o total de comarcas. O carácter territorial das caixas de aforro maniféstase aquí en toda a súa extensión.

As caixas de aforro non galegas dispoñen dun conxunto de 116 sucursais, fundamentalmente repartidas polas áreas máis urbanas e poboadas.

Os bancos galegos (con sede social en Galicia) dispoñen de 609 sucursais, isto é, unha cuarta parte do total (gráfica 4). Ó igual cás caixas de aforro autóctonas, estas entidades bancarias están presentes na totalidade das comarcas.

A banca española posúe unha cota de oficinas maior cá banca galega (32%) e inferior á das caixas de aforro (37%), aínda que a pertenza do Banco de Galicia ó grupo do Banco Popular relativiza estes valores.

A súa cobertura comarcal é tamén absoluta. A diferenza é unha maior concentración nas dúas maiores cidades (A Coruña e Vigo). Dende ambas, moitos bancos dirixen as súas operacións por toda Galicia, xeralmente repartida entre norte (provincias da Coruña e Lugo) e sur (provincias de Pontevedra e Ourense).

A banca estranxeira en Galicia apostou claramente polas áreas urbanas. Trinta das súas trinta e dúas sucursais están situadas nas comarcas de seis das sete cidades. A súa influencia é maior do que parece, posto que o Banco Simeón pertence á Caixa Geral de Depósitos.

Finalmente, as cooperativas de crédito teñen 34 oficinas, das que trinta e tres pertencen á Caixa Rural de Lugo e unha é sucursal da caixa Rural de Zamora na Gudiña.

Unha medida alternativa do aumento da intensidade bancaria é a de empregar o número de entidades financeiras en vez do número de oficinas. Podería obxectarse que, a pesar do aumento da rede de sucursais, os procesos de concentración bancaria reduciron a competencia.

A gráfica 4 amosa o cambio producido entre 1973 e 1998 no número de entidades bancarias con oficinas abertas en Galicia. Pasouse de 35 institucións de crédito a 47, aumentando tanto o número de bancos como o de caixas de aforro.

O número de entidades galegas reduciuse ó longo destes anos, pasando de 18 a 10. Son as institucións con sede social fóra de Galicia as que se implantaron nestes 25 anos, continuando un proceso xa anterior no tempo (Barral, 1975). Isto sucedeu cos bancos (que case se duplican), así como coas caixas de aforro. Estas últimas, liberadas da limitación legal de saír do seu territorio de orixe, puideron abrir sucursais en Galicia.


Se o criterio empregado para definir unha entidade bancaria como galega fora o de ter maioría de capital en posesión de residentes en Galicia, o número de bancos galegos pasaría de cinco a tres.

Por outra parte, o proceso de fusión das caixas de aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra reducen de catro a dúas o total das existentes. Tamén os bancos non

galegos pasan a un menos, debido á fusión no 1999 do Banco Santander e do Banco Central Hispano.

En definitiva, tanto a aparición de novas entidades como a expansión da súa rede de oficinas supuxo un aumento da intensidade bancaria e da competencia. Podemos responder á hipótese nº 4 de xeito negativo. O oligopolio deu paso á competencia e as caixas teñen as mesmas posibilidades de negocio cá banca privada.

Gráfica 4.- Evolución no número de entidades de crédito



FONTE: Martínez Cobas (2000).

3. A EVOLUCIÓN FUTURA

Sempre resulta aventurada a predicción na economía, e máis se temos en conta unha perspectiva no longo prazo. A estes efectos, pretendemos sinalar algunhas macrotendencias que condicionarán o futuro da economía e do conxunto da sociedade e, de seguido, centrarémonos nos factores que máis directamente afectarán o comportamento do aforro e do sistema financeiro.

3.1. AS MACROTENDENCIAS: GLOBALIZACIÓN E LOCALIZACIÓN

O concepto de globalización ou mundialización é case vocábulo omnipresente en calquera documento actual, xunto co de competitividade. A globalización fai referencia, no económico, a un proceso de integración da economía mundial, derivado do desenvolvemento tecnolóxico e, sobre todo, do desenvolvemento no transporte e na transmisión de información, así como no proceso de liberalización do comercio internacional e dos mercados de capitais.

Non é este un proceso exento de críticas. Fronte ás moitas vantaxes, tamén existen eivas. A libre competencia mundial non implica o mesmo para quen compi-

te en mellores condicións, polo que gaña novos mercados, fronte a aqueles que ven nesta libre competencia un aumento da súa dependencia do exterior. As vantaxes, por exemplo, de financiar Estados e empresas a través de abrir os mercados de capitais ó investimento financeiro estranxeiro baten coa volatilidade destes investimentos, como se viu na recente crise asiática.

Un modelo alternativo de desenvolvemento ten como base a localización, o local. O tecido empresarial propio, os contornos locais ou distritos industriais e o desenvolvemento endógeno en xeral parecen ser motores de moitos espazos económicos.

A globalización e a superación dos Estados nación en unidades económicas máis amplas provocan unha ampliación dos mercados. Os Estados deixan de ser o referente para vender produtos, comprar tecnoloxía ou materias primas e estudar a competencia.

Globalización e localización non son tan só fenómenos de carácter económico. A sociedade e as pautas culturais vense afectadas por ambos os dous. No primeiro caso, os comportamentos tenden a mundializarse. O rol da muller, as relacións familiares ou os hábitos de alimentación tenden a ser cada vez máis homoxéneos. Por outra banda, as normas aprendidas no seo do local resístense a deixar paso ás alleas. Tendo en conta a importancia do local para a realización e plenitude da persoa, o proceso non está exento de conflito tanto individual coma social.

A política e a administración tamén están afectadas pola dualidade local-global e implican, sobre todo, a crise dos Estados nación. A mundialización provoca que moitos conflitos só se poidan resolver dende institucións supranacionais. O Estado nación non é capaz de darlles solución ás necesidades dos seus cidadáns e tende a unirse en agrupacións económicas (Mercosur) ou políticas (Unión Europea). Por outra banda, os Estados nación tradicionais baseáronse nun centralismo e nunha uniformación cultural e lingüística que rara vez se daba de modo natural neles. Os sentimentos de pertenza a nacións ou comunidades forzan a descentralización dos Estados e a suma dos factores mundiais e locais implica unha perda de competencias cara a unidades territoriais inferiores e superiores ó tempo. O caso español é paradigmático neste sentido.

Ambos os dous fenómenos (globalización e localización) deben ser compatibilizados. No económico, por exemplo, procurando un equilibrio entre unha estrutura productiva local, que asegura niveis de produción e renda, e un mercado mundial que facilite o intercambio. A escala microeconómica, é posible o desenvolvemento de pequenas e medianas empresas que compartan a súa pertenza a contornos económicos locais con mercados globais.

No político, será preciso camiñar cara a modelos de soberanía compartida a diferentes escalas, repartindo cada competencia entre o nivel administrativo que mellor pode atender a demanda social.

3.2. O FUTURO COMPORTAMENTO DO AFORRO GALEGO

Os factores determinantes do aforro son motivo de estudio dende hai tempo no conxunto da teoría económica e financeira. Existe un consenso claro de que o principal factor determinante do aforro é a renda mais non de cá é a renda ou o ingreso que cómpre considerar. A hipótese máis aceptada é a denominada renda permanente-ciclo vital, derivada dos traballos de Milton Friedman (1957) e de Franco Modigliani con varios autores³.

Tampouco non hai consenso sobre a importancia doutros factores determinantes, como as herdanzas ou a seguridade social. Dado que non imos aquí describir o conxunto de factores determinantes, así como os traballos nos que se aplican, remitímonos para esta cuestión ás recompilacións de Raymond e Uriel (1987), Smith (1990), Deaton (1992), Artus *et al.* (1993), Argandoña (1995), Edwards (1995) e Browning e Lusardi (1996).

No seu conxunto, pensamos que o que máis determinará o comportamento aforrador en Galicia é a transferencia do mundo rural ó mundo urbano; transferencia de persoas mais tamén de poboación activa do sector primario ó terciario e tamén transferencia de valores e de pautas de consumo.

Este cambio estrutural da economía e da sociedade galegas conducirá a unhas menores taxas de aforro familiar, xa que son maiores no mundo rural e na emigración. Por outra banda, a cantidade aforrada será igual ou maior cá actual dado que os niveis de renda familiar dispoñibles son maiores no mundo urbano, polo que aforrando en menor proporción se aforra maior cantidade.

No ámbito agregado, Galicia dispón dun aforro acumulado (riqueza) elevado, empregado en activos financeiros e non financeiros, o que permite pensar que a economía galega estará suficientemente capitalizada por moitos anos.

Con esa base, e baixo a premisa dun mercado de capitais internacionalizado, non debe preocuparnos tanto o financiamento da economía galega como o emprego que se faga dos recursos, sexan nosos ou alleos.

Ademais da tendencia xeral que vimos de presentar, parécenos oportuno salientar o efecto dalgúns factores determinantes do aforro dos que esperamos unha evolución concreta, separando os que implicarán un aumento ou unha diminución.

◆ Variables que afectarán de maneira positiva:

O crecemento económico. Se agardamos que o comportamento do Produto Interior Bruto galego continúe coa tendencia marcada dende o ingreso na actual Unión Europea, o aumento da renda familiar dispoñible das familias implicará un maior volume de aforro.

A evolución do *sistema de pensións* da Seguridade Social. A modificación do modelo actual de Seguridade Social (sistema de reparto) a favor dun modelo mixto

³ Con Brumberg (1954) e con Ando (1963). Posteriormente, cunha serie de autores recollidos na recompilación da súa obra realizada polo MIT (1980).

(parcialmente de capitalización) aumentará o aforro, pola importancia do aforro acumulado no proceso de capitalización. Mesmo co mantemento do sistema actual público, a dúbida sobre o volume das pensións futuras está implicando un sistema de capitalización privado, baseado nos fondos de pensións e noutros produtos financeiros e non financeiros que permiten a acumulación de riqueza. Esta pensión “complementaria” implica un aumento do aforro familiar dende os anos noventa.

O aumento do *nivel de estudos* supón un aforro en forma de capital humano. Os gastos en formación non son consumo senón un investimento e, daquela, forman parte do aforro económico das familias. É previsible que esta modalidade de aforro continúe a aumentar no futuro.

◆ Factores que afectarán negativamente:

A evolución demográfica. De aceptarmos as evidencias da hipótese do ciclo vital no comportamento do aforro, o avellentamento da poboación afectaralle moi negativamente. Mesmo se os vellos non desaforran por mor das herdanzas e outros factores, é de agardar que non aforren coa intensidade coa que o fan os individuos en idade laboral.

O descenso da emigración reducirá o aforro. Se, como indicamos anteriormente, boa parte do exceso de aforro financeiro galego procede do aforro emigrante, a redución da emigración tende a reducir, á súa vez, as transferencias de aforro do exterior.

A madurez do sistema financeiro. Un sistema en condicións de competencia entre entidades facilitalles o acceso ó crédito a familias e empresas, e daquela fai menos necesario o aforro para consumo ou investimento, posto que podemos acceder por medio do crédito. Por outra banda, esa mesma competencia facilita o aforro a través dunha maior rendibilidade. Polo tanto, o efecto final é incerto malia que é probable que o efecto máis determinante sexa o de reducir o aforro, sobre todo o denominado aforro “precaución”. Isto vese complementado pola mellor cobertura do sector asegurador.

3.3. UNHA POSIBLE EVOLUCIÓN DO SISTEMA FINANCEIRO GALEGO

Finalmente, e aventurando unha evolución do sistema financeiro, esperamos as seguintes tendencias.

Continuidade do proceso de competencia. O aumento da competencia, fronte ó vello oligopolio bancario, continuará producíndose en Galicia. Posiblemente aumentará o número de entidades bancarias non galegas e continuará a expansión de grupos foráneos xa presentes.

Importancia crecente do negocio de activo fronte ó de pasivo. O menor peso da economía agraria e da emigración no conxunto galego, así como a tendencia demográfica e o despoboamento do rural, provocarán a desaparición ou menor rendi-

bilidade desas axencias. Pola contra, o maior peso urbano e unha máis densa estrutura empresarial tenderán a aumentar a demanda de crédito e doutros produtos financeiros.

Importancia crecente dos intermediarios non bancarios e dos axentes especializados. As compañías de seguros e os asesores en investimento financeiro tenderán a aumentar o seu protagonismo no mapa financeiro.

Impacto continuado das novas tecnoloxías, especialmente pola potencialidade da Internet na actividade bancaria. A xeneralización das tarxetas de crédito e de débito e mailos caixeiros automáticos están a conducir á eliminación do “caixeiro” da oficina tradicional.

Concentración da banca galega en dous ou tres grupos. A recente fusión das tres caixas de aforro do sur de Galicia pode que non sexa a última. A banca propiamente galega estruturarase no longo prazo en dous ou tres grupos a partir de Caixa Galicia, Caixanova e mailo Banco Pastor. O control galego deste último depende, en última instancia, da Fundación Barrié de la Maza. Unha fusión dos tres non parece viable, entre outros motivos porque afectaría á libre competencia.

As caixas de aforros son, se cadra, as que están en mellores condicións de desenvolverse nesa dualidade globalización-localización comentada anteriormente. O factor identidade é un grande activo intanxible. Ó mesmo tempo, a tradición confederal das caixas debera derivar nunha maior cooperación dentro da CECA, así como no desenvolvemento dunha confederación europea de caixas de aforros. A cooperación entre caixas permite o emprego das novas tecnoloxías, así como abranguer boa parte dos países do mundo. Sen embargo, non parece lóxico pensar na fusión das caixas galegas con caixas doutras comunidades autónomas, posto que perderían o factor identidade que tan bos resultados ten dado ata agora.

A posta en marcha da Unión Económica e Monetaria Europea presenta, indubieblemente, diversos efectos sobre todo nos axentes económicos, especialmente sobre o conxunto do noso sistema financeiro. Cómpre sinalar, sen embargo, que unha parte dos previsibles efectos da Unión Económica e Monetaria sobre os sistemas financeiros dos Estados membros non van ser novos, senón simplemente a intensificación dalgúns cambios que xa viñan producíndose neles con maior ou menor intensidade nos últimos anos. En efecto, o aumento da competencia, a readaptación no papel dos distintos intermediarios financeiros, o seu maior risco e vulnerabilidade, a internacionalización, etcétera son transformacións que veñen experimentándose dende hai algún tempo.

A introducción do euro vai provocar nos sistemas financeiros unha serie de efectos técnicos vinculados basicamente ó cambio de moedas (modificacións dos programas e equipos informáticos, substitución de impresos e documentos, etcétera). Así mesmo, vanse observar consecuencias de carácter operativo (reducción do negocio baseado no cambio de divisas, cambios nos sistemas de liquidación de operacións, cambios na aplicación da política monetaria...).

Se importantes son estes efectos, de maior relevancia son, na nosa opinión, as consecuencias de carácter estratéxico. En efecto, a Unión Económica e Monetaria Europea supón un novo marco económico coas seguintes características e consecuencias:

- a) Un crecemento económico máis estable, que suporá para as entidades financeiras un aumento do seu volume de negocio.
- b) Menores tipos de xuro e, polo tanto, menores custos de financiamento e un maior estímulo da demanda de crédito.
- c) Menor volatilidade dos tipos de xuro e de cambio e, como consecuencia, menores riscos de mercado.

Ante unha situación como a que se deriva das reflexións anteriores, as entidades financeiras galegas deben responder, en primeiro lugar, definindo de forma clara o seu modelo de banca ou, noutras palabras, a clase ou tipo de negocio que queren desenvolver: banca universal ou especializada ou qué proporción dunha e doutra se desexa.

Se a opción de negocio que se elixe é a de banca universal, debe perseguirse o incremento da cota de mercado (a través do crecemento interno, como é o caso do Banco Pastor, que entendendo que a súa presenza en Galicia é suficiente se marcou como meta estar presente en tódalas capitais de provincia españolas de máis de 75.000 habitantes, sen perder de vista a posibilidade de adquirir algunha rede de oficinas que se poña á venda; ou das fusións, como ocorreu nos exemplos de Caixa Galicia, pioneira no noso país neste tipo de operacións, e Caixanova. Ás veces, chegouse a falar de que a tendencia no longo prazo das fusións de caixas en España debería encamiñarse cara a unha soa entidade por Comunidade Autónoma, e non se considera a penas a posibilidade de fusións entre caixas de diferentes Comunidades, posto que perderían o factor identidade. Ó noso entender, no caso de Galicia non é previsible a curto prazo a fusión das caixas do norte e do sur).

Sen embargo, se a estratexia que cómpre definir pasa pola especialización (en produtos, en clientes ou xeográfica), o tamaño non é unha cuestión fundamental (os exemplos máis claros neste sentido serían os do Banco Etcheverría e a Caixa Rural de Lugo, pequenas entidades pero cunha cota de mercado moi definida sobre a que exercen un gran dominio).

En segundo lugar, a banca debe prestarlles máis atención ás persoas que integran as entidades para mellorar, mediante a adecuada formación, a calidade do capital humano, especialmente necesaria en épocas de grandes cambios tecnolóxicos.

Por último, a banca debe investir máis en investigación e desenvolvemento para innovar en tecnoloxías capaces de satisfacer en forma real e virtual a unha clientela cada vez máis experta e esixente.

BIBLIOGRAFÍA

- ALCAIDE, J. (1996): “Contabilidad regional de las autonomías españolas: un modelo simplificado”, *Papeles de Economía Española*, núm. 67, pp. 2-45.
- ANDO, A.; MODIGLIANI, F. (1963): “The “Life-Cycle” Hypothesis of Savings: Aggregate Implications and Tests”, *American Economic Review*, vol. 53, pp. 55-84.
- ARGANDOÑA, A. (1995): “Factores determinantes del ahorro”, en: *El papel del ahorro y la inversión en el desarrollo económico*. Vitoria: Federación de Cajas de Ahorros Vasco-Navarras.
- ARTUS, P.; BISMUT, C.; PLIHON, D. (1993): *L'épargne*. París: Presses Universitaires de France.
- BARRAL ANDRADE, R. (1972): *O aforro e a inversión na Galicia*. Vigo: SEPT. (Consultada a 2ª ed., 1975)
- BEIRAS TORRADO, X.M. (1972): *O atraso económico de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- BROWNING, M.; LUSARDI, A. (1996): “Household Saving: Micro Theories and Micro Facts”, *Journal of Economic Literature*, vol. 34, pp. 1797-1855.
- CASTAÑÓN LLAMAS, L.; MARTÍNEZ COBAS, F.X.; ROJO SÁNCHEZ, J. (1995): *Sistema financeiro galego de desenvolvemento económico. Aforro e investimento crediticio en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, IDEGA.
- DEATON, A. (1992): *Understanding Consumption*. Oxford: Oxford University Press / Nueva York: Clarendon Press.
- EDWARDS, S. (1995): *Why Are Saving Rates so Different Across Countries? An International Comparative Analysis*. (Working Paper, núm. 5097). National Bureau of Economic Research.
- ERIAS REY, A. (1993): *Estrategia y dimensión del sistema financiero en la provincia de la Coruña*. A Coruña: Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña.
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, X. (1998): “As contabilidades rexionais: aproximacións ó funcionamento da economía de Galicia”, *Revista Galega de Economía*, vol. 7, núm.1, pp. 57-80.
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, X.; LÓPEZ IGLESIAS, E. (2000) *Estrutura económica de Galiza*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- FERNÁNDEZ-JARDÓN, C.M.; CANEDA, A.I. (1996): “Homogeneización de las series de datos observados para el análisis de tendencias”, *X Reunión de ASEPELT*. Albacete.
- FRIEDMAN, M. (1957): *A Theory of the Consumption Function*. Princeton, NJ: National Bureau of Economic Research / Princeton University Press.
- SMITH, R.S. (1990): “Factors Affecting Saving, Policy Tools and Tax Reform: A Review”, *Fondo Monetario Internacional Staff Papers*, vol. 37, núm. 1, pp. 1-70.
- GONZÁLEZ LAXE [coord.] (1992): *Estrutura económica de Galicia*. Madrid: Espasa Calpe.
- GRANDÍO DOPICO, A. (1992): “Las instituciones financieras en Galicia”, en: *Estrutura económica de Galicia*, pp. 539-559. Madrid: Espasa Calpe.
- IDEGA (1988 e ss.): *Economía galega, informe...* A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (1996): *Contabilidade Rexional de Galicia 1992*. Santiago de Compostela.
- ISLA, X. (1969): “Estrutura financeira e desenrolo rexional”, en: *Introducción á economía galega de hoxe*, pp. 137-151. Vigo: Galaxia.
- LÓPEZ FACAL, X. (1977): *La expulsión de recursos financieros y el crecimiento económico de Galicia*. Santiago de Compostela: SODIGA.

- LÓPEZ SUEVOS, R. (1976): *Cara uma visão crítica da economia galega*. O Porto: Afrontamento.
- MAROTO, J.A. (1995): “Las cajas de ahorros españolas: competitivas y rentables”, *Cuadernos de Información Económica*, núm. 103, pp. 39-49.
- MARTÍNEZ COBAS, F.X. (1998): “Financiamento das PEMES galegas a través de sociedades de garantía recíproca”, *Congreso de Economía de Galicia: Desenvolvemento e globalización*, pp. 321-334. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, IDEGA.
- MARTÍNEZ COBAS, F.X. (2000): *Interrelacións entre o aforro, a renda e o sistema financeiro galego*. (Tese de doutoramento). Universidade de Vigo.
- MODIGLIANI, F. (1980): *The Collected Papers of Franco Modigliani*. Cambridge, MA: Massachusetts Institute of Technology Press.
- MODIGLIANI, F.; ANDO, A. (1957): “Tests of the Life Cycle Hypothesis of Savings: Comments and Suggestions”, *Bulletin of the Oxford University Institute of Statistics*, vol. 19, núm. 2, pp. 99-124.
- MODIGLIANI, F.; BRUMBERG, R. (1954): “Utility Analysis and the Consumption Function: An Interpretation of Cross-Section Data”, en K.K. Kurihara [ed.]: *Post-Keynesian Economics*. New Brunswick: Rutgers University Press.
- OPORTO DEL OLMO, A. (1992): *Emigración y ahorro en España 1959-1986*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.
- OTERO DÍAZ, C. (1972): “Apariencia y realidad del desarrollo económico de Galicia” en: *Problemas y soluciones al desarrollo económico de Galicia*, pp. 19-38. Algorta: Zero.
- OTERO DÍAZ, C. (1984): *Estudios de economía gallega*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- PAZ ANDRADE, V. (1959): *Galicia como tarea*. Buenos Aires: Centro Gallego de Buenos Aires.
- PAZ ANDRADE, V. (1970): *La marginación de Galicia*. Madrid: Siglo XXI.
- PAZ ANDRADE, V. (1971): *El capital como factor de desarrollo de Galicia* Vigo: Banco del Noroeste, Sección de Estudios.
- PISÓN, I. (1980): *El sistema financiero y la financiación de la empresa gallega*. (Tese de doutoramento). Universidade de Santiago de Compostela.
- RAYMOND, J.L.; URIEL, E. (1987): *Investigación econométrica aplicada: un caso de estudio*. Madrid: AC.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, J.A. (1992): “O aforro en Galicia”, *Revista Galega de Economía*, vol. 1, núm.1, pp. 11-24.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, J.A. (1994): “Reflexións sobre un mercado integrado de valores para Galicia”, *Revista de Cooperativismo e Economía Social*, núm.10, pp. 37-44.
- ROJO SÁNCHEZ, J. (1980): *El sistema financiero en Galicia: estructura y evolución (1964-1978)*. (Tese de doutoramento). Universidade de Santiago de Compostela.
- SANTOS CASTROVIEJO, I. (1994): “Sobre o problema do exceso dos depósitos sobre os créditos no sistema financeiro galego e a pertinencia do deseño de prácticas e institucións para a financiación de cooperativas e empresas”, *Revista de Cooperativismo e Economía Social*, núm. 9, pp. 117-137.
- SEQUEIROS TIZÓN, J. (1990): *El talante del señor Breogán*. Sada: Do Castro.
- SMITH, R.S. (1990): “Factors Affecting Saving, Policy Tools and Tax Reform: A Review”, *Fondo Monetario Internacional Staff Papers*, vol. 37, núm. 1, pp. 1-70.